

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A POSTA EN VALOR DAS ALFOMBRAS FLORAIS DE PONTEAREAS PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO DE GALICIA.

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ponteareas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a promoción do turismo de Galicia a través do apoio e posta en valor das alfombras florais de Ponteareas a promoción da arte floral de confección de alfombras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro constrúese co propósito de impulsar coa maior celeridade posible a reactivación turística de Galicia tras a crise



sanitaria, económica e de emprego provocada pola COVID-19 no sector, de tal maneira que se conte cunha oferta forte e consolidada e un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 3: Territorio e Recursos Turísticos, pretende un apoio ás diferentes candidaturas galegas que optan a obter recoñecementos de índole nacional e /ou internacional mediante o traballo na promoción dos territorios e/ou elementos patrimoniais galegos que xa se atopan baixo o paraugas dalgunha destas figuras de protección.

Terceiro.- A promoción do Camiño de Santiago así como da arte floral de confección de alfombras, como arte tradicional da nosa cultura, constitúe un activo incuestionable para a nosa Comunidade Autónoma, posto que supón a difusión e promoción do Camiño de xeito internacional, e por extensión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a resolución do 12 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o Corpus Christi de Ponteareas. As alfombras do Corpus Christi de Ponteareas teñen unhas características uniformes tanto a nivel formal como a nivel iconográfico, aínda que internamente cada tramo alfombrado posúa os matices propios. Nun principio as alfombras non tiñan ningún debuxo senón que se estendían polo chan as ramas, as flores e outros elementos vexetais, previamente igualado con terra pola veciñanza. Os bordes das beirarrúas decorábanse con macetas de flores e arbustos e, posteriormente e ata principios do século XX, as rúas cubríanse con serraduras que se tinguían, en grandes barricas, con anilinas de diversas tonalidades e con auga, coa finalidade de cubrir todas as rúas do percorrido procesional.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración, tanto nos días do Corpus como nas diversas manifestacións culturais dedicadas ao evento durante todo o ano, fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Con estas actuacións preténdese a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.



Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Ponteareas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

